



k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a cal se outorga.

Seguindo a disposición legal: ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG 11/02/2022)

No artigo 12, punto 3 establécese: **3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.**

Poderán optar a matrícula de honra:

1. As alumnas e os alumnos que, **logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove** puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Atendendo a RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Indícase no artigo 13: *"Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media para os efectos da mención de matrícula de honra."*

En caso de empate na nota media de 4º da ESO (segundo co espírito do artigo 13 da Resolución de 6 de xuño de 2023, quedarían excluídas da media dos criterios de desempate as materias de Relixión ou Proxecto Competencial):



1. Media aritmética das materias de 3º da ESO.
2. Media aritmética das materias de 2º da ESO.
3. Media aritmética das materias de 1º da ESO.
4. Media aritmética gas as materias da ESO.
5. Sorteo público, previa convocatoria dos afectados/as



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

IES de Carral

Costa do Pincho, s/n. 15175 (Carral)

Teléf.:881960480

E-mail: ies.carral@edu.xunta.gal

Web: www.edu.xunta.gal/centros/iescarral